



-REGULAMENTO -

IV SAN SILVESTRE CONCELLO DE NEDA

(XI Circuito Deputación provincial da Coruña)

INFORMACIÓN XERAL

O vindeiro día 31 - 12- 2025 ás 10:00 terá lugar a saída da "IV San Silvestre Concello de Neda", que se celebrará consonte co seguinte:

REGULAMENTO XERAL

Artigo 1. Organización

O Concello de Neda Organiza a "IV San Silvestre Concello de Neda" que terá lugar o mércores 31 de decembro ás 10:00 con saída e chegada no Polideportivo do Roxal.

O control técnico da proba corresponderá a Federación Galega de Atletismo en todas as categorías.

Artigo 2. Percorrido e duración

2.1 - A saída e a chegada terán lugar no polideportivo do Roxal

2.2 - O percorrido será de 700 m , 1400 m ou 5400 m (distancias aproximadas), en

función das categorías de participación.

2.3 - Prohíbese o acompañamento dos participantes e o uso de calquera vehículo de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descualificación dos corredores que a infrinxiran. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización, que contarán con roupa apropiada e visible.

Artigo 3. Participantes e categorías

3.1 - A proba está aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

3.2 - Cada corredor/a participa na carreira baixo a súa responsabilidade e declara que dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba. A organización terá potestade para descualificar a calquera atleta que a propósito da súa imposibilidade para participar na proba, proporcione datos erróneos para poder facelo.

Categorías:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA SAÍDA	CIRCUÍTO
Sub 10	Nados 2016-17	700 m	10:00	1 circuito pequeno
Sub 12	Nados 2014-15	700 m	10:00	1 circuito pequeno
Sub 14	Nados 2012-13	1400 m	10:15	2 circuito pequeno
Sub 16	Nados 2010-11	1400 m	10:15	2 circuito pequeno
Sub 18	Nados 2008-09	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande
Sub 20	Nados 2006-07	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande
Sub 23	Nados 2003-04-05	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande
Senior	Nados 2002 ata 1991	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande
Máster A	Nados 1990 ata 1985	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande
Máster B	Nados 1984 ata 1975	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande
Máster C	Nados 1974 ata 1965	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande
Máster 4	Nados no 1964 e anteriores	5400 m	10:30	1 pequeno + 1 grande

Artigo 4. Condicións de participación e inscricións

4.1 - Unha inscrición é válida cando a persoa participante enche o boletín de inscrición a través da web: **www.carreirasgalegas.com** e realice o pago da inscrición.
Poderanse realizar inscricións ata ás 23:59 do venres 26 de decembro.

4.2 - Aqueles que se inscriban máis dunha vez, inducendo a posible erro á Organización, quedarán descualificados.

4.3 - A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición.

4.4 - A realización da inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a

continuación se expón: ***"Declaro que estou en bo estado físico. Eximo á organización, patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que da participación no evento se puidese derivar tal como: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, lesións, ..."***

4.5 - Os participantes comprométense a:

- Aceptar estritamente tódolos artigos do presente regulamento.
- Aceptar as posibles modificacións da proba ás que a organización se vexa obrigada por causas alleas á súa vontade.

4.6 - O tempo máximo para a realización da proba (categorías Sub 18 e posteriores), será de 45 minutos, procedéndose o peche do control de chegada.

4.7 - Todos os corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade. En todo caso e tal e como establece a Lei de Protección da datos, o interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico: correo@neda.gal ou ben nas oficinas do Concello de Neda, Av. Algeciras nº 34, 15510 - Neda.

4.8 - A organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida neste, estarase ao que dispoña a organización.

Descalificacións: O servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar da carreira a:

- Calquera atleta que manifieste un mal estado físico
- Todo/a atleta que non realice o percorrido completo
- Todo/a atleta que non teña dorsal ou non o leve visible, dobre ou manipule a publicidade ou o fotocopie.
- Todo/a atleta que manifieste un comportamento non deportivo ou se retire en protestas ante a organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

Artigo 5. Custo da inscrición

5.1- Para inscribirse na proba as persoas participantes deberán abonar a cantidade de

6 € categorías (sub 18 e posteriores), sendo gratuíta para as restantes categorías (Sub 10 ate sub 16, ambas incluídas).

Artigo 6. Retirada de dorsal.

6.1 - Retirada de chip e dorsal

-Mércores 31 de decembro de 9:00 – 9:45 no polideportivo do Roxal.

Artigo 7. Premios

7.1 - As clasificación publicaranse inmediatamente despois de finalizar a proba na Web da entidade cronometradora.

7.2- Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, masculina e feminina.

7.3 - Todos os participantes que obtivesen algún premio deberán presentar algún documento de identidade (DNI ou pasaporte) que acredite a data de nacemento do premiado. A non presentación deste documento supón a non entrega do premio

7.4 - A entrega de trofeos terá lugar tras a finalización da proba no polideportivo do Roxal.

Artigo 8. Control Técnico da proba

8.1 - A proba será controlada polo Comité Galego de Xuíces de Atletismo e rexerese polas normas do Regulamento da WA. Tamén está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo.

8.2 – O Xuíz árbitro será designado pola F.G.A. para resolver calquera suceso de tipo técnico, interpretando o regulamento da proba.

8.3- Os tempos tomaranse mediante sistema informático. Só terán validez os chips persoais integrados no dorsal da carreira. O tempo de carreira só será rexistrado se a persoa participante leva posto correctamente o chip, que irá integrado no dorsal.

8.4- O dorsal debe levarse na parte dianteira en lugar visible.

8.5 - Apelacións. As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos

Artigo 9. Seguros

9.1 - A organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil.

9.2 - A organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba,

efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.

9.3 - A Organización non se fará responsable dos danos morais ou materiais que poidan sufrir os participantes antes, durante ou como consecuencia da súa participación nesta proba.

Artigo 10. Aceptación do regulamento

10.1- Os/As participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir a distancia completa antes de cruzar a liña de meta.

10.2- Todos/as os/as participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización, ela mesma ou mediante terceiras entidades, traten informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeos, etc. De acordo co que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da protección de datos de carácter persoal, o/a participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Poderase exercer este dereito mediante un escrito ou correo electrónico nas oficinas do Concello de Neda, Av. Algeciras nº 34, 15510 - Neda.